

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Persoal, oposicións

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA MANCOMUNIDADE DE VIGO COA DENOMINACIÓN "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL"

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO ADSCRITA A PERSOAL LABORAL FIXO DE XORNADA COMPLETA E O GRUPO 2 DE COTIZACIÓN COA DENOMINACIÓN "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL" INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.

Por Resolución da Concelleira Delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo de data 10.10.2022, en virtude das facultades delegadas pola Presidencia (Decreto de delegación de competencias de data 12 de agosto de 2019) e considerando a normativa relativa aos procesos de estabilización derivados da Ley 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar, segundo o Anexo transcrito a esta Resolución, as Bases reguladoras específicas do proceso selectivo destinado á execución da Oferta de Emprego Público da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, anualidade 2022, correspondente a unha praza estrutural da MAIV ("Axente de Emprego e Desenvolvemento Local"; grupo de cotización 2) desempeñada por persoal con vinculación temporal incurso nos supostos das Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDO. Convocar a praza mencionada procedendo á publicación íntegra das Bases no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (Portal de Transparencia). O anuncio da convocatoria no BOE (extracto) sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.



*ANEXO***BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO ADSCRITA A PERSOAL LABORAL FIXO DE XORNADA COMPLETA E O GRUPO 2 DE COTIZACIÓN COA DENOMINACIÓN “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL” INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.****PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.**

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso nunha praza estrutural vacante da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) adscrita a persoal laboral fixo, grupo de cotización (grupo profesional) 2, denominada “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Segundo os orzamentos da MAIV, ao persoal laboral do grupo de cotización 2 e con tarefas de “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” correspóndenlle (anualidade 2022) en concepto retribucións (salario) a cantidade bruta de 26.013,36 euros, satisfeita en catorce mensualidades.

A praza atópase incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Concelleira delegada da MAIV mediante Resolución data 21.06.2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 128 de 6.07.2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza (“Axente de Emprego e Desenvolvemento Local”) as seguintes: colaborar na promoción e implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e cantas accións contribúan ao desenvolvemento local, integral e sostible nos ámbitos económicos, cultural, social e ambiental, desenvolvéndose dita colaboración no marco de actuación conxunta entre a Mancomunidade e os servizos públicos de Emprego da Xunta de Galicia (Emprego Galicia). Outras funcións: redactar e xestionar todo tipo de documentos, notificacións, correos electrónicos, tramitación de subvencións, xestión de web e sede electrónica e labor técnica de apoio ás diferentes concellerías que o requiran.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

4. As presentes Bases publicaranse no BOP de Pontevedra e na Sede Electrónica da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo www.maiv.org. O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e iniciará o prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na Sede Electrónica da MAIV, www.maiv.org.

SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dalgunha das seguintes titulacións de Grado, Licenciado ou Diplomado: Educación Social; Relacións Laborais; Traballo Social; Ciencias Empresariais; Ciencias Económicas; Ciencias Políticas e da Administración; Administración e Dirección de Empresas; Xestión e Administración Pública; Finanzas e Contabilidade; Dereito; Economía; Ciencias Sociais e Políticas; Ciencias do Traballo; Ciencias Actuariais e Financeiras; Dobre grado de: ADE e Dereito.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro estarase en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O aspirante



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditar a posesión do Título participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica a fin de obter a debida capacitación.

TERCEIRA. Solicitudes de participación. Prazo de presentación. Documentación.

1. Solicitudes de participación. Cumprimentaranse no modelo sinalado no Anexo I destas Bases e presentaranse no Rexistro da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo localizado na Cidade de Vigo; Avda. da Hispanidade n.º 17; 36203 Vigo ou nas formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2. Prazo de presentación das solicitudes: 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

CUARTA. Admisión de aspirantes.

1. Concluído o prazo de presentación a concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución (que se publicara na web e/ou no Portal de Transparencia da MAIV) poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións serán resoltas na Resolución da Concellería delegada na que se aproben as listas definitivas que publicaranse na páxina web da Mancomunidade. Os aspirantes que no prazo sinalado non subsanaran o defecto que motivou a exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fóra do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións, o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia constará na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na web ou Portal de Transparencia da MAIV, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

QUINTA. Tribunal cualificador.

1. Integrarase por cinco membros; designarase o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Designada pola concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo entre persoal da MAIV ou da Administración municipal dos Concellos que integran a MAIV.

Vogalías: Tres vogais, designados pola concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo entre o persoal da MAIV ou da Administración municipal dos Concellos que integran a MAIV.

Secretaría: Designada pola concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo entre o persoal da MAIV, ou da Administración municipal dos Concellos que integran a MAIV

Os membros do Tribunal posuirán unha titulación igual ou superior á da praza convocada. As designacións axustaranse á composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións e adopción de acordos requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, polo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que puideran xurdir na aplicación das Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia da Mancomunidade.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á praza convocada conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

SEXTA. Sistema de selección. Valoración.

1. O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

Puntuación máxima: 60,00 puntos.

a) Experiencia profesional.

1. Máximo 54,00 puntos. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

a) Servizos efectivos prestados en prazas dos grupos de cotización (grupos profesionais) 1 ou 2 da MAIV, Administración convocante, relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (Base Primeira. 2.): 0,450 puntos mes completo; máximo 54,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas dos grupos de cotización (grupos profesionais) 1 ou 2 da MAIV, Administración convocante, distintos dos valorados no apartado anterior (os que non sexan os directamente relacionados coas tarefas propias dos Axentes de Emprego); e servizos efectivos prestados en prazas dos grupos 1 ou 2 en calquera dos concellos que integran a MAIV relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (Base Primeira. 2.): 0,286 puntos mes completo; máximo 34,32 puntos.

c) Servizos efectivos prestados en prazas dos grupos 1 ou 2 en calquera dos concellos que integran a MAIV, que non sexan obxecto de valoración no apartado anterior por non ser os directamente relacionados coas tarefas propias dos Axentes de Emprego; e servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización (grupo profesional) 3 da MAIV: 0,180 puntos mes completo; máximo 21,60 puntos.

No suposto de servizos efectivos prestados na MAIV nos grupos de cotización (grupos profesionais) 4, 5, 6 e 7: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos.

d) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización (grupo profesional) 3 dos concellos que integran a MAIV: 0,135 puntos mes completo; máximo 16,20 puntos. No suposto



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

de servizos efectivos prestados nos grupos de cotización (grupos profesionais) 4, 5, 6 e 7: 0,065 mes completo, máximo 8,10 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en prazas dos grupos de cotización (grupos profesionais) 1 ou 2 doutras Administracións Públicas territoriais: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos; no grupo de cotización 3: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos; nos grupos de cotización 4, 5, 6 e 7: 0,0225 mes completo, máximo 2,70 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en prazas de órganos constitucionais e no resto do sector público nos grupos de cotización 1 ou 2: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos; no grupo 3: 0,0225 mes completo; máximo 2,70 puntos; nos grupos 4, 5, 6 e 7: 0,01125 mes completo, máximo 1,35 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo ao da praza obxecto de selección: 0,045 puntos mes completo; máximo 5,40 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual. Non computarán os servizos prestados como alumno traballador contratado en desenvolvemento de programas de políticas activas de emprego.

2. Acreditación dos servizos prestados na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ou nos Concellos que integran a MAIV:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme os Anexos II e III destas Bases pola persoa responsable da Oficina de Recursos Humanos da MAIV ou pola persoa responsable de Recursos Humanos dos Concellos que integran a Mancomunidade (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditaranse coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

b) Méritos académicos.

Máximo 6,00 puntos.

1. Cursos de formación: Máximo 3,00 puntos.

1.a) Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos nos quince anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local convocados, impartidos ou homologados por Universidades Públicas, pola Escola Galega de Administración Pública; polo Instituto Nacional de Administración Pública; por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización ou as horas de duración. Non se valorarán os cursos inferiores a 15 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.

A valoración dos cursos realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 100 horas	0,60 puntos.
De 81 a 100 horas	0,50 puntos.
De 61 a 80 horas	0,40 puntos.
De 41 a 60 horas	0,30 puntos.
De 25 a 40 horas	0,20 puntos.
De 15 a 24 horas	0,10 puntos.

1.b) Valoraranse os cursos de linguaxe administrativa do idioma galego impartidos por entidades ou institucións públicas conforme a seguinte escala:

Nivel superior: 0,60 puntos.

Nivel medio: 0,30 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

2. Outros méritos: Máximo 3,00 puntos.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

Valorarase ter superado algún dos exercicios esixidos para o acceso aos grupos de cotización (grupos profesionais) 1 ou 2 da MAIV, quenda libre, nas tres últimas convocatorias. Valorarase estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases (ou máis dunha das indicadas), e distinta da alegada como requisito, o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizarase conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 3,00 puntos ter superado algún dos exercicios esixidos para o acceso os grupos de cotización (grupos profesionais) 1 ou 2 da MAIV, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo IV) da persoa responsable da Oficina de Recursos Humanos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase cun máximo de 1,50 puntos a posesión dos seguintes títulos:

Titulación universitaria de Doutor, con programa de doutorado relacionado coa titulación esixida para participar no procedemento de selección: 1,50 puntos

Outra titulación universitaria distinta da achegada como requisito: 0,50 puntos.

Non se valorarán neste apartado como “outra titulación”, o título que fose necesario para a obtención do título alegado como requisito para a convocatoria nin unha titulación superior á alegada, cando a titulación presentada como requisito fose utilizada para a obtención do título universitario de nivel superior.

Acreditación: Mediante achega do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

SÉTIMA. Listado de aprobados.

Concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará na páxina web da MAIV a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento do aspirante seleccionado.

Caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados coa MAIV mediante relación laboral de carácter temporal que estean ocupando a praza da que é obxecto esta convocatoria; de persistir empate terá preferencia o aspirante con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1.a) ; 1.b); 1.c) e 1.d).

OITAVA. Presentación de documentación.

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas a persoa aspirante seleccionada presentará no rexistro da MAIV os seguintes documentos:



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

As persoas candidatas que, dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se deducise que carece de algún dos requisitos sinalados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas as actuacións sen prexuízo da responsabilidade que proceda.

NOVENA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.

Con carácter previo á adxudicación do destino, a persoa seleccionada será sometida a recoñecemento médico aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o posto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo mediante unha relación laboral de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal interino correspondente a praza convocada, sempre e cando a puntuación obtida no concurso sexa superior a 34,00 puntos.

DÉCIMA. Datos de carácter persoal.

A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web ou portal de transparencia da MAIV cando así o requira a tramitación do procedemento.

UNDÉCIMA. Recursos.

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Concellería delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a partires da mesma data, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ANEXO I

CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021) INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUCTURAL VACANTE DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO ADSCRITA A PERSOAL LABORAL FIXO DE XORNADA COMPLETA E AO GRUPO 2 DE COTIZACIÓN COA DENOMINACIÓN “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”

D/Dª , con DNI e domicilio no concello de , rúa
C.P. , teléfono e correo electrónico

Que, segundo convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número de data reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso convocado para estabilización do emprego temporal e acceso a unha praza estrutural vacante da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo adscrita a persoal laboral fixo, grupo de cotización (grupo profesional) 2, denominada “*Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*”.

Acepto na súa totalidade e sométome ás bases reguladoras do concurso.

Achego a documentación sinalada na Base Terceira 3:

- (i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Pasaporte, no seu defecto.
- (ii) Copia da titulación esixida nas bases.
- (iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados
- (iv) Copia do Título CELGA esixido nas Bases.

SOLICITO

Ser admitido no concurso convocado.

Data e sinatura

Sr. Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ANEXO II

INFORME DA OFICINA DE RECURSOS HUMANOS DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

D./D^a _____ no desempeño do meu posto de _____

INFORMO

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D^a _____ con DNI _____ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 1 ou 2 da MAIV relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (Base Primeira. 2.): meses completos.
- b) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 1 ou 2 da MAIV, distintos dos considerados no apartado anterior (non relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (Base Primeira. 2.): meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 3 da MAIV: meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados nos grupos de cotización 4, 5, 6 e 7 da MAIV: meses completos.

E para que produza efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal dunha praza praza estrutural vacante da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo adscrita a persoal laboral fixo de xornada completa e ao grupo 2 de cotización coa denominación "Axente de Emprego e desenvolvemento local" expido o presente INFORME a petición do/a interesado/a.

Data e sinatura



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ANEXO III

INFORME DA OFICINA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE _____
_____ INTEGRADO NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

D./D^a _____, no desempeño do meu posto
de _____

INFORMO

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D^a _____,
con DNI _____ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 1 ou 2 do Concello de _____ relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local: meses completos.
- b) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 1 ou 2 doo Concello de _____, distintos dos considerados no apartado anterior (non relacionados directamente coas tarefas propias dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (Base Primeira. 2.): meses completos
- c) Servizos efectivos prestados en prazas do grupo de cotización 3 do Concello de _____: meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados nos grupos de cotización 4, 5, 6 e 7 do Concello de _____: meses completos.

E para que produza efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal dunha praza praza estrutural vacante da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo adscrita a persoal laboral fixo de xornada completa e ao grupo 2 de cotización coa denominación "Axente de Emprego e desenvolvemento local" expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ANEXO IV

INFORME DA OFICINA DE RECURSOS HUMANOS DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

D./D^a _____, no desempeño do meu posto de _____

INFORMO

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas polo órgano competente en data ____ de _____ de ____ para o acceso a unha praza de persoal laboral fixo, grupo profesional 2, “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo e no Expediente ____/____ incoado a tal fin consta que D/D^a _____, con DNI _____ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias.

E para que produza efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal dunha praza praza estrutural vacante da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo adscrita a persoal laboral fixo de xornada completa e o grupo 2 de cotización coa denominación “Axente de Emprego e desenvolvemento local” expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QCFPUCQCN7HOJE00



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a partires da mesma data, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

Lgs/

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 12/08/2019)

Patricia Rodríguez Calviño

